



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANA DE BERGANTIÑOS

Anuncio delegación de competencias de Alcaldía na Xunta de Goberno Local

ANUNCIO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Tras a constitución da nova Corporación municipal o día 17 de xuño de 2023, con motivo das últimas eleccións municipais celebradas o día 28 de maio, faise pública a parte dispositiva do decreto 333 de 19/06/2023:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do alcalde, incluída a facultade de resolver os recursos de reposición contra os acordos que adopte este órgano Colexiado nestas materias:

- Outorgamento, denegación, cambios de titularidade, prórrogas nos prazos de execución e demais incidencias relacionadas coas licencias urbanísticas de obras maiores e de actividades, así como o seguimento de comunicacións previas e declaracións responsables en materia de urbanismo.
- Expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística.
- Aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ó Pleno e a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- Aprobación de gastos imputables ao capítulo II (gastos correntes) sempre que superen os 3.000,00 €, así como a orde de pago dos mesmos.
- Aprobación de gastos imputables ao capítulo IV (transferencias correntes) sempre que superen os 3.000,00 €, así como a orde de pago dos mesmos, excepto as subvencións de emerxencia social que seguirán sendo competencia da Alcaldía, independentemente do seu importe.
- Devolución de avais.
- Resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal competencia da Alcaldía.

Segundo.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala ós interesados e ás interesadas.

Terceiro.- Comunicar este acordo ós diferentes servizos municipais e dar conta do presente acordo ó Pleno na seguinte sesión que se convoque.

Cabana de Bergantiños, 20/06/2023

O Alcalde,

José Muíño Domínguez

2023/4925